



# falaRedes

programa de dinamización lingüística

## ASUBÍOS

***A compañía teatral Elefante Elegante achega ao FalaRedes unha peza teatral en galego para o público familiar, infantil e xuvenil baseada no respecto polo medio natural, as emocións, os afectos e o humor.***

A quinta das propostas do programa de dinamización lingüística FalaRedes 2018 é unha peza teatral dirixida a todos os públicos a partir de 3 anos e inspirada no universo literario do escritor mozambicano Mia Couto e no conto popular "O flautista de Hamelín" recollido polos irmáns Grimm. No espectáculo que a compañía do Elefante Elegante crea para a Rede de Dinamización Lingüística, a temática xira arredor do medio natural e de como vivir en harmonía con el. Trátase dun alegato para unha vida respectuosa do ser humano coa terra que o acolle.

A Cidade Cinza era absolutamente silenciosa. Ninguén falaba, ninguén cantaba, ninguén ría e ninguén choraba. Naquela cidade unha morea de persoas camiñaba da casa para o traballo e da escola para a casa... sen parar. Non había unha soa flor, non habitaba unha soa árbore. Non había lugar para a natureza. Mais un día, pola cidade cincenta, meticolosa, silandeira e laboriosa pasou un home asubiando e cantando doces melodías de flores e cores garridas. As nenas e os nenos quedaron abraiados co home e a súa guitarriña. Arredor del voaban paxariños libres de cores alegres. A cidade parou. Asomada ás xanelas, a xente da cidade criticaba o home dos asubíos que distraía as persoas das súas obrigas cotiás. Pola súa banda, os mandaríns da cidade tentaron de todos os xeitos evitar que a natureza e as súas cores lle roubasen á cidade cincenta o seu nome. Será que o conseguiron?

*Asubíos* chegará este outono a concellos da Rede de Dinamización Lingüística. Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en [www.lingua.gal/FalaRedes](http://www.lingua.gal/FalaRedes).



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

# ASUBÍOS

## SETEMBRO

Sábado 29: **Fene**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

## OUTUBRO

Sábado 6: **Arteixo**, no Auditorio do Centro Cívico, ás 12:00 horas

Domingo 7: **Betanzos**, na Aula Municipal de Cultura, ás 12:00 horas

Domingo 7: **Ribadumia**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas

Domingo 14: **Forcarei**, no Centro Social, ás 18:00 horas

Domingo 28: **Verín**, no Auditorio, ás 18:00 horas

## NOVEMBRO

Xoves 1: **Carballedo**, no Salón de actos da casa do concello, ás 18:00 horas

Venres 2: **Alfoz (en colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense)**, no Centro Sociocultural, ás 19:00 horas

Sábado 3: **Outeiro de Rei**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

Sábado 3: **Guitiriz**, na Casa Habanera, ás 18:00 horas

Sábado 17: **Oleiros**, no Auditorio A Fábrica, ás 18:00 horas

Domingo 25: **Santiago de Compostela**, no Centro Sociocultural de Conxo, ás 18:00 horas



## DECEMBRO

Domingo 2: **Negreira**, no Centro Sociocultural de Negreira, ás 13:00 horas

Domingo 2: **Barbadás**, na Casa da Cultura, ás 19:00 horas

Xoves 6: **Monterroso**, no Centro Sociocultural, ás 12:00 horas

Xoves 6: **Silleda**, no Auditorio Manuel Dopazo, ás 18:00 horas

Venres 7: **Cea**, no Edificio Multiúso, ás 19:00 horas

Sábado 8: **Vilamarín**, no Auditorio Municipal, ás 19:30 horas

Domingo 9: **Salvaterra de Miño**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas

Domingo 9: **Castro de Miño**, no Salón de actos da casa do concello, ás 18:00 horas

